

Aquí cheghamos señores,
cansadiños de luchar.

Vimos saludar a todos,
o que nos queira escoitar.

Para darnos un socorro,
poden pedir documentos.
Que nos traemos bastante
con que dar conocimiento.

Somos de Santa María
e todos saben donde é.
E de nomes e apelidos
tamén lles daremos fe.

Cómprennolo que traemos
e poñan moita atención.
Xa verán cantas cousiñas
pasaron nesta nación.

Aló na nosa parroquia,
no arró dunha leira,
houbo quen taba escoitando
dicián desta maneira:

“Asóciense compañeiros,
non vivan tan enghañados,
que lles ha caer o pelo
antes que tarden dous anos.”